

Utilidades e recomendacións para o uso do espazo web

- Utilidades
 - Aceptar só peticións nunha URL determinada
 - Limitar acceso a páxinas web (.htaccess)
 - Arquivo .htaccess
 - Arquivo .htpasswd (contrasinais e usuarios)
 - Recomendacións
 - Execución periódica de tarefas (cron)
- Erros comúns
 - As variables dun formulario aparecen como vacías
 - Algúns navegadores non aceptan as "cookies" do sitio
 - Despois dun cambio de contrasinal para o acceso a base de datos aparece un erro en phpmyadmin

Utilidades

Aceptar só peticións nunha URL determinada

Os espazos web son accesibles a través de varias URLs:

- <http://usuario.webs.uvigo.es>
- <http://webs.uvigo.es/usuario>
- <http://usuario.webs2.uvigo.es>
- <http://webs2.uvigo.es/usuario>

Por diversos motivos (por comodidade, para simplificar o acceso, etc.), o usuario pode querer acceder só por unha de elas.

Un xeito sinxelo de facer isto, e redirixir todas as peticións a <http://usuario.webs.uvigo.es>, é poñer, nun arquivo .htaccess na raíz do sitio web (dentro do directorio public) un arquivo similar ó seguinte (substituíndo "usuario" polo seu usuario web):

```
.htaccess

RewriteCond %{HTTP_HOST} =usuario.webs2.uvigo.es
RewriteRule ^(.*)$ http://usuario.webs.uvigo.es/$1 [L,R=301]

RewriteCond %{HTTP_HOST} ^(webs([0-9]+).uvigo.es|webs.uvigo.es)$
RewriteCond %{REQUEST_URI} ^/usuario/
RewriteRule ^/usuario/(.*)$ http://usuario.webs.uvigo.es/$1 [L,R=301]
```

Limitar acceso a páxinas web (.htaccess)

Arquivo .htaccess

Para limitar o acceso a unha ruta no servidor web pódese facer incluíndo un arquivo de nome ".htaccess". Se non se indica expresamente limita o acceso á carpeta na que está ubicado e a todas as que estén por baixo de ela. Pode terse un arquivo de este tipo en calquera carpeta do seu espazo web.

O contido é similar ó seguinte:

```
.htaccess

AuthType Basic
AuthName "Zona Restrinxida"
AuthUserFile "/var/www/vhosts/usuario/private/.htpasswd"
Require valid-user
```

Arquivo .htpasswd (contrasinais e usuarios)

O arquivo .htpasswd (AuthUserFile) é un arquivo que contén os usuarios e contrasinais aceptados para o acceso a esta páxina web.

i Compre que en "AuthUserFile" indique a ruta do arquivo .htpasswd de xeito absoluto, como: /var/www/vhosts/usuario/private/.htpasswd (esta é a ubicación que recomendamos para este arquivo).

Ten un formato do tipo:

```
usuario1:$1$TxjLW0lq$G3THdh2ZxuQxxXM3awSP3.  
usuario2:$1$0QtBsYvb$kwVA8UyJn37gV8h6JXH5T1
```

Onde o primeiro campo son os usuarios admitidos (usuario1, usuario2,) e o segundo un "hash" do contrasinal. Este arquivo pode crearse coa utilidade "htpasswd" ou directamente creando o "hash" md5 do contrasinal elexido.

- Empregando htpasswd

```
★ @  
htpasswd -b .htpasswd usuario3 o-meu-contrasinal
```

- Empregando mkpasswd para crear o contrasinal

```
★ @  
mkpasswd -m md5 o-meu-contrasinal
```

Recomendacións

- **i** A ubicación do arquivo .htpasswd é recomendable que esté fora do espazo publicado (public), a tal efecto pode ubicarse dentro da carpeta "private" no seu espazo web
- **i** Pode indicar que restrinxe o acceso só a un usuario ou a uns usuarios específicos nunha ubicación, indicando:

```
AuthType Basic  
AuthName "Zona Restrinxida"  
AuthUserFile "/var/www/vhosts/usuario/private/.htpasswd"  
Require user usuario1 usuario2
```

Execución periódica de tarefas (cron)

Pódense executar tarefas periódicas (cron) coas seguintes limitacións:

- Só scripts en php
- Executaranse coas mesmas limitacións que o resto da aplicación
- Deben de estar ubicadas nos directorios

Directorio	Descrición
cron/hourly	Tarefas executadas cada hora
cron/daily	Tarefas executadas cada día
cron/weekly	Tarefas executadas cada semana
cron/monthly	Tarefas executadas cada mes

Erros comúns

As variables dun formulario aparecen como vacías

A partir de PHP 5.4 non se acepta xa a recollida de variables de formularios HTML mediante variables globais de PHP ("[register_globals](#)"), polo que un código como o seguinte non serve para recoller unha variable dun formulario:

```
[...]  
<input type="text" name="variable1">  
[...]
```

```
<?php  
[...]  
global $variable1 ;  
[...]
```


No seu lugar é preciso recoller de xeito explícito a variable:

```
<?php  
[...]  
// Se e con GET  
$variable1 = $_GET['variable1'] ;  
// Se e con POST  
$variable1 = $_POST['variable1'] ;  
[...]
```

Algúns navegadores non aceptan as "cookies" do sitio

Se o usuario contén o carácter "_", algúns navegadores (en concreto Internet Explorer, pero pode pasar con outros) non aceptarán as cookies, o que pode provocar problemas na navegación dos usuarios. A solución é empregar ou solicitar un usuario distinto, ou modificar o usuario para que non conteña o carácter "_" (algo que recomendamos) ou solicitar un nome (host virtual) alternativo que permita acceder sen este carácter no nome do sitio.

Despois dun cambio de contrasinal para o acceso a base de datos aparece un erro en phpmyadmin

 É preciso pechar a sesión en <http://portal.webs.uvigo.es> e voltar a abrila, o máis sinxelo é pechar o navegador que esté empregando.